



# DOS MAIOS AO SAN XOÁN

Os Maios, o Día das Letras Galegas e  
o San Xoán: tradición, lingua e cultura  
en Galicia



# OS MAIOS



Na cultura galega festexamos o comezo da primavera coa festa dos Maios. Esta colorida tradición, con orixe na Prehistoria, celébrase nos primeiros días de maio para agradecer o renacer da natureza e pedir protección para os fogares, as colleitas... Co mesmo fin tamén é tradición colocar ramos de xesta na porta da casa ou no coche.

Os maios son estruturas cónicas feitas de pau e inspiradas en figuras de árbores cubertas por fiúncho, felgos, xestas,... e adornadas con flores, laranxas, bugallos, ovos, froitos,...

A festa dos Maios celébrase en numerosas localidades de Galicia, e en todas ten características similares. Durante os días previos veciñas e veciños preparan os maios en asociacións ou centros escolares e o día propio, acompañanse de desfiles, música, baile tradicional e coplas que alegran as prazas e rúas galegas.

Así se celebra esta tradición en Narón, organizada polo Padroado da Cultura do Concello de Narón e a Asociación Cultural Areosa. Ten lugar en Piñeiros a segunda fin de semana de maio, e ademais dos maios, veciñas e veciños elaboran unha alfombra floral.



# COPLAS DOS MAIOS

O maio maíño é un pillabán,  
quere que lle dean os cartos na man.

Para facer o maio tivemos que roubar  
flores e fiúncho na horta de San Blas.

Veu San Blas cunha zapatilla  
fíxonos correr por toda a vila

Este mes de maio  
é o mes das flores,  
cando os paxariños  
ven os seus amores

Móstrase o campo  
con moitas cores,  
con flores, fiúncho  
e paxaros piadores

Ben veñas maio,  
o mellor mes de todo o ano



Levántate maio  
que tanto durmiches,  
que pasou o inverno  
e non o sentiches



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



O Día das Letras Galegas é un día especial para a lingua galega. O 17 de maio homenaxéase a un escritor ou escritora que destacou pola súa creación literaria en galego e pola súa defensa do idioma.

Comezou a celebrarse o 17 de maio de 1963, cando a Real Academia Galega instaurou esta celebración dedicando ese primeiro ano a Rosalía de Castro.

Escolleuse o 17 de maio porque coincidía co centenario da primeira edición de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, considerada a 1ª obra literaria impresa en galego e que marca o Rexurdimento da lingua galega como lingua de cultura.

Cada ano dedícase este día a un escritor ou escritora diferente escollida polos membros da RAG; o único requisito esixido é que transcorreran polo menos dez anos dende o seu falecemento.

Galicia festexa este día con diferentes actos e actividades culturais que buscan achegar a literatura e a lingua galegas a toda a sociedade. En Narón destaca o **N de Narón. A festa das letras**, un evento con programación familiar que inclúe música, teatro, xogos, espazo de lectura de obras en galego,...



# QUE VOS PARECEN ESTAS LETRAS GALEGAS?



Recitados para xogar e gozar en familia


Para antes de comezar a ler ou a contar unha historia

A curuxa, a curuxa,  
fainos shhhhhhhh, fainos shhhhhhhh,  
para que escoitemos, para que escoitemos,  
shhhh, shhhh, shhhh ...



Para aprender os días da semana

Sol, solíño,  
quéntame un pouquiño,  
hoxe, mañá e toda a semana:  
luns, martes, mércores, xoves, venres,  
sábado e domingo



Para xogar cos dedos da man

Este foi á fonte,  
este foi ao monte,  
este quixo auga,  
este non lla deu...  
e veu o gordecho  
e toda, toda bebeu!




Para cando o neno ou a nena están na  
cama e acaban de espertar

Pedro Chosco estaba na cama.  
Entráballe o sol por unha ventana  
e pola outra entráballe o vento.  
Pedro Chosco estaba contento.



Para aprender os números

Reirrei,  
cantos anos vivirei?  
Vinte e cinco,  
non o sei.  
Un, dous, tres...



# O SAN XOÁN



O San Xoán, o día 24 de xuño, dálle a benvida ao verán, e ao redor desta data hai moitísimas crenzas en Galicia. Contámosvos aquí algunhas delas:

A tradición popular cre que “no comezo do día de San Xoán baila o sol”, polo que se adoita subir a un monte para velo bailar.

En Galicia celébrase este día adornando na véspera as fiestras, portas e buratos das paredes con flores e herbas milagreiras: fiúncho, flor de sabugueiro, rosas, espadanas, cardos, fieitos, flores de San Xoán e santamarías, para que esa noite o mal non entre nas casas. A mestura de herbas pode variar duns lugares a outros, pero as plantas que sempre soen estar presentes son o **fiúncho**, o **fieito**, a **malva**, a **herba luísa** e, como non, a **herba de San Xoán**.


Tamén se poñen a remollo en auga estas herbas, que quedan ao luar para que lles dea o orballo. Ao día seguinte hai quen lava a cara con esa auga purificadora para botar fóra o mal de ollo, e mellorar a pel e o beneficio será dobre se a auga foi recollida en sete fontes. En moitos lugares a esta mestura de herbas que se pon a remollo chámasele “**cacho**”. Estas herbas teñen que ser collidas na véspera de San Xoán pola tardiña, antes de se poñer o sol.

Outra das crenzas é que non se debe deixar a pota do leite destapada por se as **meigas** lavan o cu nela.

Ou os **ritos adiviñatorios**. Entre as mozas destaca o de botar unha clara de ovo nun vaso de auga e deixalo toda a noite. Ao día seguinte pódese ver a profesión que vai ter o seu futuro marido, dependendo da forma que adopte a clara. Por exemplo, se semella un barco, será mariñeiro; se parece un martelo, será carpinteiro,... Os mozos tamén poden probar.

Tamén a figura mitolóxica da **moura** aparece na noite de San Xoán. Son lendas sobre mulleres encantadas, xeralmente moi fermosas, que poden aparecer de diferentes formas: como gardadora de tesouros encantados, como divindade das augas, como máxica fiandeira,... e pode aparecer en xacementos arqueolóxicos como penedos, castros, mámoas, fontes,... A moura xeralmente garda grandes riquezas que soe ofrecer a cambio dalgún trato, favor ou proba. En Narón temos a lenda da moura da Pena Molexa.

Para escorrentar o mal sáltanse as **luminarias, cacharelas, lumes, fogueiras**,... ou como se chamen en cada recuncho de Galicia, e acompañanse de **sardiñadas**. Ao saltar o lume polo menos tres veces (ten que ser un número impar e sempre saltar dun lado para o outro), cántanse cousas coma esta:




Cacharela de San Xoán  
para que non me trabe cadela nin can  
nin can nin cadela  
nin cousa mala que haxa nesta terra.



# O CACHO DE SAN XOÁN

Funcionará o cacho de San Xoán para afastar o mal de ollo? Sexa creenza ou realidade, o que si é certo é que facer este ritual en familia pode ser unha divertida experiencia!!! Como facelo?

1



Recolle sete destas flores ou herbas: herba de San Xoán, fiúncho, felgo, malva, herba luísa, romeu, rosa, abeluria, macela, xesta,...

2

Colócaas nun recipiente con auga collida dunha fonte e déixaas fóra toda a noite de San Xoán ao orballo, que é o que activa as propiedades máxicas das herbas (se podes coller a auga en sete fontes distintas, o beneficio deste cacho será máis potente).

7

3

Á mañá seguinte, lava a cara con esta auga que, segundo din as creenzas populares, botará fóra o mal de ollo e atraerá a boa sorte, e incluso cura os problemas de pel.



# A LENDA DA PENA MOLEXA


En Narón perduran varias lendas que teñen de fondo a noite de San Xoán, a máis coñecida é a lenda da moura da Pena Molexa (na parroquia do Val), unha lenda que o Padroado da Cultura de Narón recrea todos os anos ao redor da noite de San Xoán nun ambiente lúdico e festivo.

## A lenda da moura

Esta é a lenda máis popular. Conta esta lenda que a Pena Molexa é unha moura petrificada por culpa dun feitizo. A noite do 23 de xuño, por San Xoán, desfáise o encantamento durante un tempo impreciso e a pedra recupera a forma de muller fermosísima, que está a peitear os seus longos cabelos cun peite de ouro, acompañada dun tesouro (moedas, xoias, armas de antigos guerreiros,...., todo de ouro).

Esta muller anda na procura dun pretendente que a libere de pasar outro ano enteiro dentro da rocha. Mais esta ten que pór a proba o mozo para se asegurar o seu amor, polo que a moura lle dá a escoller, de entre todo canto ve, o que máis lle guste, esperando que a escolla a ela. Mais, ano tras ano, o home acaba escollendo algunha das xoias que ten diante da súa vista, a que lle parece que ten un maior valor.

Entón nese momento, escóitase á moura chorar enfadada polo egoísmo do home, o ouro esváese e a peza de ouro escollida convértese en carbón. A moura esperaba ser ela a xoia escollida e poder así, desfacer o feitizo, pero ata agora ningún dos homes que a viron a preferiron ao tesouro, polo que segue enfeitizada, esperando ao seguinte San Xoán para aparecer de novo na Pena Molexa.



# SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



981337700 ext. 1516



a.pita@naron.gal



[www.naronengalego.gal](http://www.naronengalego.gal)  
[www.apego.gal](http://www.apego.gal)

Súmate ao Apego

